

Algúns desafíos da historiografía literaria: estudo comparatista da periodización nas literaturas española, vasca e eslovena¹

Mari Jose Olaziregi

Barbara Pregelj

[Recibido, xaneiro 2010; aceptado, marzo 2010]

RESUMO Dende unha perspectiva comparatista as autoras deste estudo afoxan nas características das literaturas vasca, eslovena e española dos séculos XVI e XVII. Partindo dunha introdución na que procuran similitudes entre eses tres sistemas literarios no referente á periodización, demostran como, tendo en conta os diferentes contextos de desenvolvemento e as diferenzas que se establecen entre as literaturas grandes fronte ás minoritarias, se obteñen resultados ben distintos. Deste xeito salientan especialmente a decisiva vinculación das literaturas minoritarias vasca e eslovena coa transmisión oral da literatura e coa imaxe, do cal conclúen a lóxica interna da periodización que se manexa nesas dúas literaturas.

PALABRAS CHAVE: Literatura vasca, literatura eslovena, comparatismo, periodización.

ABSTRACT The authors take a comparativist look at Basque, Slovenian and Spanish literature of the 16th and 17th centuries. They look for similarities in the division into periods of these three literary Systems, and show that, taking into account the varied contexts in which they evolved and the differences between the literature of the great Powers and that of lesser nations, the results are clearly distinct. They lay emphasis on the links between the minority Basque and Slovenian production with oral transmission and with imagery, which they conclude leads to an internal logic of periodization operating in these two Systems.

KEYWORDS: Basque literature, Slovenian literature, comparative literature, periodization.

“Es evidente que entramos en el Siglo de Oro que esperábamos”, escribía en 1523 o procurador de Granada Juan Rodríguez de Pisa, utilizando por primeira vez a denominación do Século de Ouro (Aguinaga *et al.*, 1986). Os

¹ Tradución ao galego, Isabel Soto.

españóis dos séculos XVI e XVII, aos que a denominación se aplicou posteriormente, non tiveron conciencia *renacentista* de estar vivindo na idade de ouro. Así, Juan de Castilla y Aguayo afirmou en 1586 que “verdaderamente como dicen que hubo una era de oro y otra de plata, la que agora tenemos es de letras”, e en 1605, Cervantes, nunha das máis citadas frases do seu Quixote afirma:

dichosa edad y siglos dichos aquellos a quien los antiguos pusieron nombres deseados, y no porque en ellas el oro (que en nuestra edad de hierro tanto se estima) se alcanzase en aquella venturosa sin fatiga alguna, sino porque entonces los que en ella vivían ignoraban estas dos palabras de tuyo y mío.

Das últimas citas despréndese unha clara noción de decadencia que a historiografía española do século XVIII non quixo ver; na revalorización do Século de Ouro, polo tanto, queda reflectida tamén a exaltación do nacional, provocada polo rexeitamento da crítica do exterior dirixida á España de Felipe II. O concepto de Século de Ouro foi utilizado tamén pola historiografía italiana ou francesa, pero, non obstante, parece ser característico da historiografía española pensar en España como unha entidade histórica característica, unha entidade á que non poderían aplicarse as leis históricas, baseada nunha noción mesiánica de España (Godzich, 1998: 80-81), por mor da cal, mesmo na actualidade, segue a cuestionarse o uso dos termos Renacemento e Barroco.

98

A persistencia do termo Século de Ouro² na historiografía e na historia literaria española é problemática dende distintos puntos de vista (e por iso aquí a utilizamos a modo de simple exemplo), xa que cun termo de orixe axiolóxico se refire a uns fenómenos temporais (que ás veces son difíciles de delimitar). Ademais, oponse á suposición de que a pesar da diversidade e da heteroxeneidade dos fenómenos literarios, é posíbel manter un discurso unificado acerca dos mesmos (Godzich, 1998: 325) e confirma as advertencias ante a aplicación dos termos universais da periodización a distintos contextos nacionais. Porque, como sostén Zoran Kravar para o Barroco, cando distintas literaturas nacionais se consideran sen prexuízos, cando nelas se estuda o que en certa época literaria de veras se creou e non o que con vistas á historia universal

² Tamén a historiografía italiana e francesa utilizaban o termo Século de Ouro, pero deixaron de utilizalo; é, en realidade, frecuente que todas as civilizacións busquen a súa Época dourada no seu pasado mítico (Ovidio, Fuentes).

debería esperarse, pode notarse que o conxunto de aspectos que merecerían unha denominación universal é variábel (1982: 52); máis que dunha unidade trátase dunha coexistencia e dunha diversidade no tempo (Jauß).

Para Kravar existe unha diferenza clara entre as literaturas occidentais, por unha parte, e as literaturas centroeuropeas e as do Oriente europeo por outra, que estriba no carácter estético da literatura posrenacentista e no carácter pragmático, utilitario da literatura prerrenacentista, polo cal, a unificación entre as literaturas occidentais é maior. Pero, mesmo así, tense afirmado que tamén as súas singularidades fan que sexa dificultosa a aplicación, polo menos dun xeito mecánico, “de modelos operativos que resulten pertinentes y rentables en la descripción de otros sistemas literarios” (Lasagabaster, 1987: 37), ou que “los grandes períodos que forman la historia de las grandes literaturas occidentales no son aplicables a la literatura vasca” (Aulestia, 1992: 51). Ao fío do que comentamos, o cuestionábel concepto de “literatura nacional” é un dos temas de estudo do excelente ensaio de Claudio Guillén, *Múltiples moradas. Ensayo de Literatura Comparada*. Tras analizar as diferentes épocas do ascenso das literaturas nacionais, épocas que coinciden co Renacemento e co tránsito do século XVIII ao XIX, é dicir, coa proclamación romántica da existencia e a prioridade do xenio e da orixinalidade de cadansúa nación, o autor cita a Octavio Paz e conclúe que non hai unha literatura peruana, arxentina ou cubana; nin tampouco unha literatura española, polo menos dende o século XVI. Os escritores non se clasifican pola súa nacionalidade ou o seu lugar de nacemento, senón pola súa linguaxe.

Aínda que no territorio da monarquía española dos séculos XVI e XVII existía unha pluralidade de linguas que se falaban e escribían, o Século de Ouro indubidabelmente significa a emerxencia infreábel do castelán. En contraste cunha pluralidade considerábel de expresións culturais en Castela (Maravall, 1990; García Cárcel, 1998; Pregelj, 1999), dende que en 1545 sae á luz o primeiro libro en éuscaro, o poemario *Linguae Vasconum Primitiae* de B. Etxepare, son só 101 os libros que se publican até 1879 e ademais, entre eles, só 4 poden ser considerados estritamente literarios. Ao texto de Etxepare de 1545 seguíronlle outros que se converteron en puntos de inflexión importantes no desenvolvemento da literatura en lingua vasca. Referímonos á tradución, en 1571, do Novo Testamento e escritos calvinistas realizada por J. de Leizarraga e á aparición, en 1643, do *Gero* de Pedro de Axular. Axular tiña en mentes, tal e como comentou Koldo Mitxelena, os lectores laicos. Lectores

vasco-falantes con algunha instrución en letras. O seu *Gero* trata sobre o dano que lles fai ás persoas postergar, diferir, as obrigas. Trátase, ante todo, de transmitirle ao bo católico as obrigas morais que debe acometer. Como explican os profesores Arcocha e Oyharçabal (2008):

Gero es un libro auctorial de ascética cuya temática esencial es el tiempo visto desde una perspectiva católica, en la tradición del humanismo cristiano post tridentino. (...) La materialidad del libro refleja el tipo de libro que se da en la primera parte del siglo en Francia, es un manual de bolsillo (in 8º), con subdivisiones claras, indicaciones *in margine* que facilitan la lectura y la memorización. (...) El libro de Axular se ha elaborado dentro de los canones de la *inventio*, y se ha dispuesto según los códigos que rigen los libros de ascética, con citas tanto de los autoridades cristianas como de la antigüedad greco-latina cuyas características muestran, como era habitual, la utilización de florilegios y sermonarios. El decorum tipográfico, con capitales de diversos tamaños, cursivas, capítulos y titulares, notas marginales se ha cuidado para facilitar la lectura.

100

O panorama da literatura eslovena é bastante parecido: até 1550, ano no que aparece o primeiro libro na lingua eslovena, o *Catecismo* de Primož Trubar (1508-1586), a literatura eslovena abarca poucos textos (así chamados “monumentos”: o de Freising e o de Stična, se nos limitamos a citar tan só os máis importantes, e algunhas obras dramáticas dos xesuítas e os capuchinos, escritas en latín e alemán). Pero os escritores protestantes, á súa vez, son bastante fecundos: publican varios catecismos, abecedarios, traducións de partes da Biblia, cancioneros, etc., aínda que a súa meta principal é, igual que noutros países protestantes, a tradución da Biblia enteira, o cal se realiza grazas ao traballo de Jurij Dalmatin (1584), a quen apoiou un amplo grupo de colaboradores e mecenas. Ademais, o protestantismo encárgase da primeira gramática eslovena (Adam Bohorič, *Arcticae horulae successivae*, 1584) e do primeiro dicionario da lingua eslovena (Hieronim Megiser, *Dictionarium quatuor linguarum*, 1592).

Existe, entón, unha diferenza abismal, entre a noción castelá de Lope, quen dicía que había un poeta en cada rúa, e o corpus literario da literatura eslovena e da literatura vasca que, polo seu carácter utilitario lembra moito máis as literaturas que Kravar chama prerrenacentistas. Fronte á literatura escrita en castelán, ou francés³, a literatura vasca parece ser o Outro; “descoñecida”,

³ Dicimos castelán e francés porque se trata das linguas que, xunto ao éuscaro, son as faladas no País Vasco. Ademais, teríamos que precisar que nos referimos a unha comunidade de falantes moi

“minoritaria”, “estraña”, “tardía”, unha literatura que non tivo condicións socio-históricas demasiado favorábeis para se desenvolver e que estivo ligada, como é obvio, aos avatares da lingua que a sustenta: o éuscaro. O espertar do ourizo, dese misterioso animal que para protexerse se contrae en forma de bóla con pugas, serve á perfección para simbolizar o desenvolvemento da literatura en lingua vasca.

A carón da literatura española escrita en castelán que é considerada unha das literaturas centrais, grandes e que, na época á que nos estamos referindo, logra acadar un dos seus cumios, quizais tamén un dos cumios da literatura europea, as literaturas eslovena e vasca son consideradas periféricas, minoritarias. Cando se ten en conta o corpus textual das tres literaturas, destaca a abundancia de material pola parte castelá e a clara escasez por parte das literaturas vasca e eslovena. Respecto ao seu carácter, tamén é notábel que, dende o punto de vista da literatura castelá, falar do seu carácter relixioso case pode considerarse un anacronismo, pois esta literatura amosa tanta diversidade de expresión artística que é obvio que reducila a un só aspecto, o relixioso, sería moi impropio. Pero isto non quere dicir que non se trate dunha literatura cuxa base sexa a relixiosidade propia da época, senón que esta lle é inherente, de modo que non fai falla destacala dun xeito especial. As literaturas vasca e eslovena, con todo, teñen o carácter relixioso tan marcado que até é lóxico que na súa denominación se recorre aos nomes dos movementos relixiosos para se referir ás épocas literarias. Así ocorre no caso dalgunhas historias da literatura vasca (cf. Juaristi, 1987; Salaberri, 2002; Aldekoa, 2004), aínda que o eminente lingüista e artífice da unificación da lingua vasca, o catedrático Luis Michelena, non utilice este tipo de clasificación na súa canónica *Historia de la Literatura Vasca* (1960).

Malia existiren diferenzas entre os historiadores literarios eslovenos, case todos coinciden en utilizar os termos da reforma e/ou a contrarreforma para

reducida, integrada, na actualidade, por uns 700.000 euscaldúns, ou vasco-falantes, que viven a ambos os lados dos Pireneos. A fronteira política que divide hoxe en día o País Vasco, ou Euskal Herría, determina, á súa vez, unha situación legal diferente. Se, tras a aprobación da Constitución Española de 1978, o éuscaro ten, xunto ao castelán, un status de oficialidade nas dúas comunidades autónomas da zona española, non ocorre o mesmo no País Vasco francés, onde o éuscaro non ten carácter de lingua oficial. As consecuencias desta desigualdade son doadamente predicíbeis: a instauración de modelos bilingües de ensino ou a convocatoria de axudas á edición en éuscaro fixeron que, na actualidade, o sistema literario vasco sexa moito máis forte e dinámico no País Vasco español que na zona continental. Resumindo, ao igual que os vascos se expresan en tres linguas (castelán, francés e éuscaro), do mesmo modo as literaturas vascas e os seus sistemas literarios comprenden as creadas nesas linguas.

se referir aos fenómenos literarios⁴. Dado o carácter utilitario-relixioso da literatura eslovena xa non sorprende tanto o uso dos nomes dos principais movementos relixiosos para se referir aos fenómenos literarios, senón as discrepancias na denominación da reforma católica, ben concibida como a reforma católica, ben como a contrarreforma. Mentres que a época da reforma semella ser unha época unitaria, pouco problemática e concluída, hai unha diferenza borrosa entre a reforma católica e a contrarreforma e a vinculación dos dous co barroco.

Esta vinculación correspóndese cun dos intentos de comprender a arte barroca como a arte da contrarreforma, pero sen darlle a importancia que ao noso ver merece. A identificación de ambos os termos (Semrans, Weisbach, Wellek) foi e segue a ser bastante polemizada. Para fixar o aspecto que aquí nos interesa, convén acudir de novo ao Século de Ouro español, concibido non como unha época unitaria, senón como unha época de confluencia, na que o Barroco é entendido como unha prolongación do Renacemento e a súa adaptación á estrutura nacional (Alborg). Igual que en España, tamén no que é daquela o territorio esloveno, o Renacemento é bastante particular (e ben lonxe da idea paganizante que sobre el prevalece a partir de Burckhardt), mentres que é considerábel a influencia da época do Barroco. E cando nos referimos ao Barroco, seguimos as análises de José Antonio Maravall (quen, á súa vez, refutaba o uso do termo Século de Ouro, substituíndoo por Renacemento e Barroco), que no seu libro *La cultura del Barroco* (1990), investiga o Barroco dende distintos aspectos da súa mentalidade, e, sobre todo, dende unha noción ampla de cultura, concibida como un tecido de valores, aspiracións, crenzas, mitos e maneiras de vivir e actuar. Sobre o pano de fondo de aplicación das

⁴ Limitándonos ás historias literarias máis utilizadas: Grafenauer (1920) fala da época do protestantismo (1530-1598) e a reforma católica que abrangue o lapso de tempo entre 1598 e 1765, cuxo inicio marca o decreto de Fernando II segundo o cal todos os predicadores e mestres luteranos tiveron que abandonar o seu país; posteriormente Grafenauer amplía o seu sistema da periodización á época do protestantismo (de 1530 até finais do século), á época da recatolización (1600-1678) e á época da reforma católica e do barroco (1678-1750). No sistema de Kos (1977) fálase da época da reforma e a contrarreforma (1550-1615) e o Barroco (1672-1768); entre as dúas prodúcese un período de estancamento literario, no que non se publica ningún libro esloveno. A noción de Pogačnik non difire tanto no que ao uso da denominación se refire, senón na delimitación entre as épocas cuxo inicio e/ou final marcan as aparicións de distintos autores: deste xeito, o período da reforma e a contrarreforma comprende a época entre Trubar e Čandek, e a seguinte, a do manierismo e barroco, a época entre Adam Skalar e Žiga Popovič. Tamén outros historiadores literarios eminentes (Joža Glonar, France Kidrič, Marja Boršnik, Mirko Rupel, Alfonz Gspan) utilizan os termos da reforma e contrarreforma para se referir aos termos literarios.

reformas tridentinas en forma de lei (1564) e da monarquía absoluta, para Maravall o Barroco significa ante todo unha cultura provocada por unha grave crise social e a percepción desta crise e inestabilidade radicada entre os grupos no poder e entre os individuos dos estratos medios da sociedade que se identifican con eles. Trátase dunha cultura tramada e manipulada a prol dos sectores monárquico-nobiliarios, unha cultura de reacción contra a mobilidade, de recursos abertamente represivos ou máis sutilmente propagandistas. Ademais do uso de diversos axentes e procedementos de terror –particularmente a Inquisición e os exércitos privados dos nobres– ou do intento por parte do estado de converter a Igrexa nun *instrumentum regni* dedicado á represión das consciencias individuais, xestouse a masiva campaña de propaganda representada por aqueles que posuían os instrumentos da cultura ou polos seus subordinados. Tratábase de cativar as mentes a través da utilización do teatro⁵, os sermóns, a literatura emblemática, etc., e provocar a admiración e o suspense a través doutras exhibicións do poder máis amplas: fogos artificiais, festas.

Todas estas manifestacións da propaganda barroca teñen en común a vinculación do oral co visual, o cal amplía a nosa perspectiva, situándonos dentro do contexto das dúas Europas do século XVI, a protestante e a católica, analizadas por Max Weber na súa *Ética protestante e o espírito do capitalismo*; como é sabido, Weber sostíña que as diferenzas relixiosas ditaron a actitude diferente practicamente en todos os aspectos da vida. No nivel cultural, e sobre todo no que ao libro e á lectura se refire, o protestantismo incitaba á lectura directa da Biblia, atribuíndo con iso importancia á mesma práctica da lectura (silenciosa). O catolicismo, pola súa parte, requiría a práctica oposta: a recepción dos textos sagrados mediante a práctica oral. A recepción auditiva foi dende sempre vinculada coa práctica evanxelizadora, e como se sinalou, precisamente por iso, a partir do século XI foi perdendo o seu significado despectivo (Le Goff, 1983: 217). Coa invención da imprenta a lectura individual e silenciosa fíxose

⁵ Se cadra o mellor exemplo do teatro para a propaganda política e social sexa a obra de Lope de Vega. Das representacións desas obras díciase que lle daban a un público novo, indiscriminado –o vulgo–, o que supostamente quería: gran cantidade de acción, variedade de versos e outras formas e, sobre todo, a estruturación dramática dos conceptos cos que a maioría dos espectadores aprendía a se identificar. Estes conceptos eran a defensa da monarquía, a salvagarda do honor como razón de ser da vida individual e social e a constante reafirmación do amor como xustificación universal. O numeroso público da comedia posuía, polo tanto, un código, un horizonte ou sistema de expectativas que Lope e outros dramaturgos daquela aprenderon a acomodar e nutrir. Unha das características claves deste público masivo, socialmente heteroxéneo, foi o seu elevado grao de homoxeneidade ideolóxica.

máis accesíbel, pero os dous modos da recepción coexistiron durante séculos, polo cal o paso da lectura oral-auditiva á lectura ocular, como hoxe a coñecemos é gradual (Frenk, 1982: 105), e o Século de Ouro español ofrece numerosas mostras diso (Pregelj, 1999: 85-89). Só a partir do século XIX se produciu un esmorecemento continuo dos modos auditivos do consumo literario (Genette, 1969: 124).

A insistencia no visual tamén lembra o método ignaciano que, seguindo as instrucións da Igrexa católica da sesión 25 do Concilio de Trento (1563), nos *Exercicios espirituais* (na parte previa aos exercicios, na “composición de lugar”), incita á sensibilización da imaxe. Outros xesuítas, entre eles tamén Pedro Canisio, decatáronse de que non era dabondo coa imaxe mental, senón que a esta había que poñerlle o apoio visual da imaxe gráfica por medio do cadro ou estampa e foi o xesuíta Jerónimo Nadal quen contribuíu máis decisivamente á promoción da arte e do espírito da Contrarreforma. O seu libro combina os textos evanxélicos e a plástica para contar a vida e os ministerios de Xesús. *Evangelicae Historiae Imagines* saíu en Amberes en 1593, na versión ampliada baixo o título de *Adnotationes et Meditationes in Evangelia* en 1594 e 1595. O éxito da obra foi considerábel; fixéronse varias edicións, mesmo unha en 1707. Como mostra da súa influencia artística, demostrouse que contribuíu á xénese da primeira arte chinesa de signo cristián, non copiando as imaxes senón interpretándoas (Sebastián, 1989: 63). Na última edición dos gravados de Nadal, no prólogo, o padre Ceballos escribe:

Las *Imágenes de la Historia Evangélica*, gracias a la unión indisoluble de estampa grabada y texto escrito, fueron en su tiempo de una innegable originalidad. Por un lado actualizaban el método óptico-intuitivo de oración personal que, encontrado por la *devotio moderna* medieval, había perfilado San Ignacio de Loyola. Por otro, contribuían eficazmente al adoctrinamiento de las masas conforme a las orientaciones del Concilio de Trento, explotando a fondo la técnica de reproducción y multiplicación de la imagen en virtud del grabado (citado por Sebastián, 1989: 65).

A pesar do uso dos mesmos instrumentos, o destino da contrarreforma nas dúas partes do imperio austríaco foi ben diferente. Garcilaso, Herrera, Góngora, Cervantes, Lope de Vega, Tirso de Molina, Calderón de la Barca, Baltasar Gracián son algúns dos nomes fundamentais do canon literario occidental. Outro é o caso da literatura antiga eslovena, para a cal a vinculación da cultura católica coa cultura oral-auditiva é decisiva. É máis: a vinculación do

oral co mundo da relixión cristiá confirmase xa en diferentes fontes históricas que falan do proceso da cristianización entre os pobos eslavos⁶. A lírica tradicional eslovena é, claro, dun carácter predominantemente oral; no teatro antigo (autos sacramentais, escenificacións espirituais, procesións como *Procesio locitana*, do 1721), a vinculación do elemento oral e as imaxes é evidente. Un dos xéneros “narrativos” máis constantes da literatura antiga eslovena é o sermón: despois dos xa mencionados Monumentos de Freising, o sermón reaparece en forma dun esbozo a finais do século XV, como *postila* en membros tan destacados da reforma eslovena como son Primož Trubar e Jurij Dalmatin, para se converter, ao final, no xénero principal da literatura eslovena na época da contrarreforma e do barroco nos predicadores Matija Trost, Tobia Lionelli, Rogelio de Liubliana, Jernej Basar, Peter Pavel Glavar e Karel Mihael Attems, cuxas reminiscencias se prolongan até a época da Ilustración en Jurij Japelj. O Concilio de Trento promoveu o uso do sermón, mandándolles aos bispos e aos sacerdotes predicar cada domingo e día festivo, e durante a Semana Santa e o Advento, todos os días. Tamén o sermón é nomeadamente un xénero oral; na obra de Tobia Lionelli hai numerosas anotacións que demostran que se trata de escribir a palabra falada. O único xesuíta de entre os autores da prosa predicadora, Jernej Basar, sinala tamén na introdución aos seus sermóns –e moi de acordo coa doutrina ignaciana– que o sermón non está escrito para ser lido senón para ser meditado.

A vinculación entre a imaxe e a palabra escrita tamén foi interesante para os xesuítas eslovenos. Foi Janez Čandek quen adaptou o catecismo pequeno de Petrus Canisius, no que o adaptador explica o seu método coas seguintes palabras tomadas de San Gregorius: “O mesmo efecto que para os que saben ler teñen as letras, para os que non saben ler, ao velos, teñen os debuxos; neles ven os que non saben ler, como teñen que actuar, nestes debuxos len os que as letras non saben ler”, como tamén a maioría da obra de Janez Vajkard Valvasor⁷.

⁶ Neste sentido resulta moi interesante a explicación da expresión “*carta sine litteris*” de *Conversio Bavariorum et Carantanorum* do ano 871, que fai Milko Kos, poñendo de relevo o pouco interese que pola escrita e a lectura amosaban os nosos devanceiros e os pobos xermánicos e eslavos en xeral. Na mesma liña sitúanse os primeiros documentos literarios eslovenos, *Briljinski spomeniki* (*Os monumentos de Freising*) que constan de tres documentos: nun deles (sermón sobre o pecado), o crego enfatiza a importancia da palabra falada que só por medio dunha confesión (aquí mediante unha confesión xeral) pode liberar do pecado.

⁷ Valvasor é, en realidade, moi interesante neste sentido, xa que practicamente toda a súa obra (*Libriño paixonal - Pasijonska knjilica*, 1679; *Topografía do ducado de Carniola contemporánea - Topografija*

Tamén hai mostras da conexión entre a cultura católica e a oral no caso da literatura vasca. Sen ir máis lonxe, no caso do libro *Gero* (1643) antes citado, o seu autor, Axular, dotou o texto dun ton de conversa confidencial propio do predicador que lles fala aos seus fregueses (cf. Orpustan, 1996: 55-57). Ademais disto, deberíamos constatar, por exemplo, que xa o primeiro libro impreso en éuscara, *Linguae Primitie Vasconiae* (1545), manifesta unha clara influencia da métrica popular, feito que, sen dúbida, permitiu a popularidade e vixencia de moitos dos seus poemas. Mais, ademais dos abundantes predicadores vascos que durante o século XVII e posteriores tiveron que utilizar traducións da Biblia e as súas esexeses (cf. Urquizu, 2002), esexeses nas que xa os elementos paratextuais (avisos ao lector...) marcaban un claro interese por achegarlles os textos relixiosos aos lectores vascos, deberíamos mencionar o impacto e importancia de xéneros como o do teatro popular, *pastorala*, e a presenza que a vida dos santos tiveron nel. Este teatro popular suletino que denominamos *pastorala* segue vivo aínda na provincia vasco-francesa de Zuberoa. Aínda que descoñecemos a súa orixe (Bernard Oyharçabal, 1981 [1991]), trátase dunha derivación dos misterios relixiosos da Idade Media. Son uns 200 os manuscritos que quedan nas bibliotecas, e o que podemos considerar con certeza máis antigo é o de *Sainte Elisabeth de Portugal*, de 1750 (Bernard Oyharçabal, 2004). Como explica o profesor emérito da Universidade Michel de Montaigne-Bordeaux III, Jean Haritschelhar (www.basqueliterature.com):

Podemos dicir que a *pastoral* é un divertimento feito para o pobo rural vasco onde os actores masculinos –porque non hai mestura entre homes e mulleres– son da mesma vila. Desenvólvese fóra, nun prado onde se edificou un escenario limitado no fondo por unhas sabas. Os actores saen por tres portas: a dos cristiáns, que se distinguen nas súas roupas por algo de cor azul, a dos turcos, vestidos de encarnado, a cor do inferno, e a porta central para os dignatarios da igrexa e os anxos. Esta configuración suxire que, nos seus primeiros tempos, a *pastoral* utilizaba temas relixiosos, tanto do Antigo,

sodobne vojvodine Kranjske, to je podoba vseh mest, trgov, samostanov in gradov, kakor zdaj stoje v vojvodini Kranjski. Izdal na Bogenšpergu na Kranjskem leta 1679 s posebno prizadevnostjo Janez Vajkard Valvasor; a selección dos gravados Topografía dos castelos, fortalezas e señoríos de Lamberg en Carniola - Topografija lamberskih gradov, trdnjav in gospostev na Kranjskem, upodobljenih po naravi, 1679; a colección dos gravados das Metamorfoses de Ovidio, 1680; Topografía do arquiducado contemporáneo de Carintia - Topografija sodobne najvojvodine Koroške, to je podobe vseh mest, trgov, samostanov in gradov, kakor zdaj stoje v nadvojvodini Koroški, 1681; selección e reimpresión da Topografía de Carintia - Topografija solnograške Koroške..., 1681; Theatrum mortis humanæ tripartitum, 1682; Die Ehre des Hertzogthums Crain, 1689; varios manuscritos: o Ovidio satírico en alemán, a colección de gravados, colección dos esbozos para a topografía, etc.) ten un forte carácter gráfico.

coma do Novo Testamento. Xunto a eses temas, as vidas dos santos constituían outra fonte de inspiración importante e representábanse o día da festa do santo patrono da vila. A diversificación de temas foi manifesta durante o século XVIII, e continuou en épocas posteriores.

Quizais esta tendencia ao oral da literatura antiga eslovena que se ve reforzada pola tendencia ao visual da contrarreforma tamén podería explicar a ausencia dos textos litúrxicos básicos que Grafenauer explica cunha tradución e explicación errónea de *fides ex auditu*; como tamén o estancamento literario entre 1615 e 1672. Dentro deste contexto tampouco non sorprende o coñecido feito de que despois da tradución protestante da Biblia completa, realizada por Dalmatin, a igrexa reformada despois do Concilio de Trento volve utilizar a Vulgata, á que pode accederse tan só cun permiso especial do bispo (Grđina, 1997: 63), ou o mesmo feito de que o bispo Hren prefira arrincar a introdución protestante da tradución de Dalmatin para poder seguir utilizándoa a realizar unha nova tradución da Biblia que sae á luz do día apenas entre 1784 e 1802 baixo a dirección de Jurij Japelj. Outra coincidencia: en España até o ano 1790 non se produciu ningunha tradución completa da Biblia á lingua vernácula. Intentemos aplicar a posición inquisitorial (formulación do Índice de Zapata) para a súa tradución, tamén no centro da monarquía habsburga:

Como la experiencia haya enseñado, que de permitirse la sagrada Biblia en lengua vulgar, se sigue (por temeridad, ignorancia, o malicia de los hombres) más daño que provecho: se prohíbe la Biblia con todas sus partes impresas o de mano en cualquier lengua vulgar⁸.

Resumamos, xa que logo, esta reflexión que coa óptica comparatista nos axudou a desbordar algunhas características das literaturas vasca, eslovena e española dos séculos XVI e XVII. O noso intento de buscar as similitudes entre elas demostrou que instrumentos parecidos en contextos diferentes, e sobre todo se se teñen en conta as diferenzas entre as literaturas grandes e as minoritarias, poden levar a uns resultados ben distintos. As literaturas minori-

⁸ É importante constatar que, no caso vasco, os poucos libros de devoción que se publicaron na zona peninsular durante o século XVII foron bilingües, xa que o control férreo que exercía a Inquisición impediu que eses libros fosen publicados só en lingua vernácula. Non ocorre o mesmo na zona vascofrancesa, onde, durante o século XVII, se publicaron varios libros de devoción monolingües. A impresión de libros monolingües volve activarse, tras unha interrupción de varias décadas, coa edición da *Doctrina Christiana* de Materre (1617, reedición 1623), primeiro libro católico tridentino en lingua vasca (cf. Arcocha e Oyharcabal, 2008).

tarias vasca e eslovena están moi vinculadas á transmisión oral da literatura, que segue a ser importante tamén na época áurea da literatura española. A diferenza da diversidade expresiva existente na literatura castelá, a contrarreforma reduce e aumenta o carácter oral das dúas literaturas minoritarias, vinculándoas á imaxe. Para a súa expansión é fundamental o método ignaciano e a influencia que nas tres literaturas desempeñan os xesuítas. A vinculación do oral e do visual nas literaturas eslovena e vasca dos séculos XVI e XVII, ao noso ver, revela a lóxica interna da periodización das dúas literaturas, como tamén o feito curioso de que, malia o carácter pioneiro da reforma na súa fundación e a localización na xeografía da literatura, no desenvolvemento de ambas prevalecen os instrumentos promovidos pola contrarreforma. Ás distintas percepcións da época estudada, quizais cabería opoñer a falta dunha imaxe (neste artigo tan só mental) en Valvasor: entre as súas reproducións gráficas das idades míticas das *Metamorfoses* de Ovidio faltaba precisamente a da época dourada.

Mari Jose Olaziregi Alustiza

España, EUA

Barbara Pregelj

Ljubljana, Eslovenia

Bibliografía

- Aguinaga, Carlos Blanco, Julio Rodríguez Puertolas e Iris M. Zavala. 1986. *Historia social de la literatura española (en la lengua castellana)*. Madrid: Gredos.
- Alborg, Juan Luis. 1972. *Historia de la literatura española*. Madrid: Gredos.
- Aldekoa, Iñaki. 2004. *Historia de la literatura vasca*. Donostia: Erein.
- Arcocha, Aurelie e Bernard Oyharçabal. 2008. *Siglo XVII. Desarrollo y puesta en texto de las letras vascas septentrionales*. www.basqueliterature.com
- Aulestia, Gorka. 1992. "Historiografía literaria vasca", en *Sancho el Sabio*, 2, pp. 51-58.
- Frenk, Margit. 1982. "Lectores y oidores": la difusión oral de la literatura en el Siglo de Oro", en *Actas del séptimo congreso de la Asociación Internacional de Hispanistas*. Roma: Bulzoni, T. 1, pp. 101-123.

- García Carcel, Ricardo. 1998. *Las Culturas del Siglo de Oro*. Madrid: Historia 16.
- Grafenauer, Ivan. 1920. *Kratka zgodovina slovenskega slovstva*. Ljubljana: Jugoslovanska tiskarna.
- 1973. *Kratka zgodovina starejšega slovenskega slovstva*. Celje: Mohorjeva.
- Grdina, Igor. 1997. *Starejša slovenska nabožna književnost*. Ljubljana: DZS.
- Godzich, Wlad. 1998. *Teoría literaria y crítica de la cultura*. Madrid: Cátedra.
- Guillén, Claudio. 1998. *Las múltiples moradas: ensayo de literatura comparada*. Barcelona: Tusquets.
- Juaristi, Jon. 1987. *Literatura vasca*. Madrid: Taurus.
- Kos, Janko. 1977. *Pregled slovenskega slovstva*. Ljubljana: DZS.
- Kravar, Zoran. 1982. “Pojam ‘barok’ kao nadnacionalna književnopovijesna kategorija”, en *Umijentost riječi Zagreb*, 26, 1-2, pp. 45-54.
- 1987. “Barok kao potonulo kulturno dobro”, en *Obdobje baroka v slovenskem jeziku, književnosti in kulturi*. Mednarodni simpozij v Ljubljana od 1-3 xullo. Ljubljana: Filozofska fakulteta.
- Lasagabaster, Jesús María. 1987. *Literatura vasca*, en *Letras españolas: 1976-1986*. Madrid: Castalia, pp. 283-303.
- Lojolski, Ignacij. 1991. *Duhovne vaje*. Ljubljana: Āupnjijski urad Ljubljana-Dravljje.
- Kanizij, Meter. 1991. *Catechismus 1615*. Celje: Mohorjeva.
- Maravall, José Antonio. 1990. *La cultura del Barroco: análisis de una estructura histórica*. Barcelona: Ariel.
- Olaziregi, Mari José. 2001. *Literatura vasca Europa*, en *Los Vascos y Europa. V* (eds. V. M. Amado e S. De Pablo). Gasteiz: Sancho El Sabio, pp. 125-155.
- 2005. *A Brief Introduction to Basque Literature*, en *Waking the Hedgehog. The Literary Universe of Bernardo Atxaga. V*. Reno (EUA): Center for Basque Studies, University of Nevada.
- Pogaānik, Joē. 1998. *Slovenska književnost 1*. Ljubljana: DZS.

- Pregelj, Barbara. 1999. "El kitsch en el Barroco castellano", en *Verba hispanica*, n° VIII, pp. 71-100.
- Salaberri, Patxi. 2002. *Iraupena eta lekukotasuna. Euskal literatura idatzia 1900 arte*. Donostia: Elkar.
- Sebastián, Santiago. 1989. *Contrarreforma y Barroco*. Madrid: Alianza.
- Urquizu, Patricio. 2002. "Aproximación crítica a la enseñanza de la literatura vasca", en *Oihenart*, n° 19, pp. 145-154.
- Weber, Max. 1988. *Protestantska etika in dub kapitalizma*. Ljubljana: ŠKUC, FF.